

21. A Transición e a consolidación da democracia.

Os seguintes documentos permítennos elaborar unha composición de texto histórico sobre o fin do franquismo e a transición democrática (1970-1978).

A década dos setenta comeza co estancamento do crecemento económico debido aos erros na planificación dos planos de desenvolvemento. A Crise do petróleo de 1973, debido a Guerra do Yom Kippur e a reacción da OPEP, golpea duramente cunha elevada inflación, aumento do paro e lento ascenso dos salarios desmoronando o crecemento e a estabilidade do Desarrollismo. Ante as dificultades económicas as clases traballadoras, e as clases medias incluso, reclaman cambios económicos pero tamén políticos abandonando a súa actitude conformista aumentando o número de folgas.

Neste momento a sociedade divídese en inmovilistas, chamados máis tarde en termos xornalísticos o bunker (que queren manter o réxime), rupturistas (que avogan por unha democracia ex novo) e reformistas (unha nova vía que aposta por transformar a ditadura nun sistema democrático para entrar na CEE). Para comprender a caída do réxime é fundamental entender o impacto da Crise do petróleo na estrutura socioeconómica e política. O mundo financeiro e industrial comeza a considerar necesario como vía a superar a crise o ingreso na CEE, porta sistematicamente pechada debido ao carácter ditatorial do réxime. Polo tanto, un dos piares que sostiveron ao franquismo, comeza a ver na ditadura un lastre, apostando polo tanto en pasar do continuísmo á vía reformista. Esta é unha das causas internas máis importantes para entender a non continuidade da ditadura trala morte de Franco.

Por outra banda o deterioro físico de Franco (cerca de 80 anos e enfermidade de Párkinson), as manifestacións dos estudantes universitarios (contaxiados polo Maio do 68 francés), as folgas obreiras e a actividade terrorista de ETA afectaron á estabilidade política do réxime franquista. Franco intentou estabilizar a situación declarando Estados de Excepción de xeito reiterado (suspender as poucasliberdades que existían e incrementar a represión), sobre todo no País Vasco. Producíronse tamén enfrontamentos entre as familias políticas do réxime (falanzistas e tecnócratas) entre os que destaca o caso Matesa.

En 1973, Franco cede a Carrero Blanco a Xefatura do goberno previsto na LOE de 1967. Este incrementou a represión pero en decembro de 1973 morrerá a consecuencia dun atentado de ETA contra o seu coche na chamada Operación ogro. A morte de Carrero Blanco desorientou a Franco e ós franquistas e agravou moitísimo a inestabilidade política. O novo presidente do goberno, Arias Navarro, caracterizouse inicialmente polo “espírito aperturista do 12 de febreiro”, pero pronto, ante as fortes críticas dos inmovilistas decidiu anular todas as promesas de cambio e refuxiarse nas medidas represivas.

Ademais únense a todos estes problemas diversas crisis e fisuras nas bases sociais fundamentais do réxime. A revolución democrática portuguesa dos caraveis (25-4-74) xeraba esperanzas entre certos militares españois (os oficiais de Unión Militar Democrática foron moi perseguidos). Froito do Concilio Vaticano II inicianse reivindicacións do clero. Destaca o bispo García Añoveros, que pide respecto pola identidade vasca, e monseñor de Tarancón, que pide aumento de liberdades. Ademais o PC logrou agrupar a moitos sectores políticos ó crear a Xunta Democrática en 1974 e o PSOE fixo o mesmo con outros sectores ó lograr a creación da Plataforma de Convergencia Democrática en 1975 (Arias Navarro respondeu endurecendo a represión contra os demócratas). Outros elementos de desestabilización serán a Marcha verde que producirá a descolonización española (Arias Navarro cede ante a presión de Hasan II e abandona ós saharauís). O aumento dos atentados de ETA, do GRAPO e o FRAP e tamén os dos fascistas Geurrilleiros de Cristo Rei ou a Triple A.

A morte de Franco (20-11-75) abriu un período de grande incerteza coñecido como a Transición. Juan Carlos I convértese no Xefe de Estado e Arias Navarro continúa na presidencia. Pero a súa posición inmovilista conduce a súa substitución por Adolfo Suárez un falanzista novo de corte reformista.

Suárez comeza decretando unha amnistía de presos políticos e propoñendo a Lei para a Reforma Política cuxo obxectivo era a convocatoria dunhas eleccións xerais libres a cortes constituíntes para xuño de 1977. Os rupturistas para lograr máis forza deciden fusionar a Xunta Democrática coa Plataforma de Convergencia Democrática creando unha alianza de liberais, demócratas, socialistas e comunistas co nome de Coordinación Democrática popularmente coñecida como Platajunta, pero ante os éxitos de Suárez, os rupturistas acabarán admitindo a vía reformista e consegue destes un pacto de apoio ao monarca. Nomea tamén ao xeneral Gutiérrez Mellado como Ministro de Defensa encargado de controlar o malestar dos militares coa vía reformista.

Finalmente a Lei de reforma política é aprobada por unha grande maioría na Cámara de procuradores significando a disolución das mesmas (cortes do harakiri) e a autorización ao inicio de proceso democrático. Sometida a continuación a referendo foi ratificada por unha inmensa maioría dos españois e significou o fracaso total dos continuístas (só 2,6% de votos en contra) e un grande fracaso dos partidarios da ruptura (pedían a abstención de voto e votaron o 77% dos

21. A Transición e a consolidación da democracia.

españóis). Suárez legaliza todas as forzas políticas, destacando a polémica da legalización do PC por sorpresa o sábado santo de 1977 (sábado vermello) que lle custou moitos apoios dos sectores máis conservadores. Disolveu o Movemento Nacional e recoñeceu a liberdade sindical e mantívose forte para aguantar o impacto negativo dos atentados, tanto dos grupos fascistas (Matanza de Atocha), como de ETA ou do GRAPO. Todos estes actos terroristas tiñan como obxectivo facer fracasar a reforma, provocando ós militares para que deran un golpe de estado.

As eleccións democráticas do 15 de xuño de 1977 marcaron o éxito da vía reformista e definiron un novo panorama político en España de bipartidismo imperfecto, a raíz do sistema D'Hont: os reformistas da UCD, con Adolfo Suárez lograban case unha maioría absoluta (165 deputados); os socialistas do PSOE con Felipe González alcanzaban un grande éxito (118 deputados); os comunistas do PCE con Santiago Carrillo e os antigos inmovilistas de Alianza Popular, con Manuel Fraga obtíñen pobres resultados (20 e 16 deputados respectivamente) ; e os nacionalistas vascos do PNV, con Arzallus e os nacionalistas cataláns; con Jordi Pujol lograron bos resultados (8 e 11 respectivamente).

O 6 de decembro de 1978 apróbase a vixente Constitución española, en cuxa elaboración destacan Gregorio Peces-Barba (PSOE), Jordi Solé Tura (PCE), Manuel Fraga (Alianza Popular) e Gabriel Cisneros (UCD), considerados os pais da Constitución. É unha constitución de consenso, que pretendía contentar a todas as forzas políticas e que foi aprobada polo Senado e polo Congreso e en referéndum. Este texto definía España como un Estado Social e Democrático de Dereito. Na parte orgánica posúe soberanía popular expresada mediante sufraxio universal total; o poder executivo dividido entre un Xefe do Estado (monarca) e un presidente de goberno escollido polo Parlamento; no lexislativo Cortes bicamerais con Parlamento e Senado como cámara de representación territorial; xudicial nos tribunais. Estado laico e aconfesional. Estado descentralizado coa posibilidade de concesión de estatutos de autonomía (no que acabará triunfando o “café para todos” de Suárez) e defensor dun modelo de economía mixta. Na parte dogmática garante amplos dereitos e liberdades.

As novas eleccións, convocadas tras a aprobación da Constitución e celebradas en marzo de 1979, volveron a reproducir case os mesmos resultados de xuño de 1977, pero foron unhas eleccións con maior nivel de abstención, porque a xente estaba descontenta cos políticos pola inflación, o desemprego e o terrorismo e marcarán o inicio da descomposición da UCD.

Todos estes factores levan a un desgaste enorme a Adolfo Suárez que viuse acosado pola práctica totalidade das forzas políticas e das forzas oligárquicas que o culpaban de toda a inestabilidade do período. Adolfo Suárez, o 19 de xaneiro de 1981, presentou na televisión a súa dimisión como Presidente de goberno, provocando nos españois unha grande sorpresa, sobre todo 23. A consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE. porque o presidente dimitirá argumentando que o sistema democrático estaba en perigo. Os militares inmovilistas que previamente xa planearan un golpe na fallida Operación Galaxia, aproveitaron a ocasión do aparente baleiro de poder (na sesión de investidura de Leopoldo Calvo Sotelo como candidato a presidente de goberno) para levar adiante un golpe de Estado.

As eleccións xerais de outubro de 1982 provocaron un grande cambio na vida política española xa que a UCD afundiase estrepitosamente obtendo só 11 deputados. Alianza Popular recibiría gran parte dos seus votantes obtendo uns resultados históricos de 106 deputados pero a vitoria sería para o PSOE de Felipe González con 202 escanos e maioría absoluta.

O éxito político de Felipe González, ó lograr ser elixido presidente de goberno catro veces seguidas (en 1982, 1986, 1989 cos votos da maioría absoluta do PSOE e en 1993, co apoio dos votos de CIU e PNV) resultou clave para a estabilidade e consolidación do sistema democrático en España. Posto que os gobernantes socialistas aproveitaron as súas maiorías absolutas para tratar de levar adiante un programa de cambios co obxectivo de transformar a España nun Estado plenamente democrático e modernizalo. Tendo dous eixos claros, o ingreso de España na CEE e na OTAN (que culmina en 1986) e a consolidación do Estado de benestar. Para este fin fixo un profundo reaxuste da economía española para paliar os efectos das crises do petróleo (73 e 79) mediante unha dura reconversión industrial e a privatización das industrias do INI (Instituto nacional da industria) e tamén unha profunda reforma fiscal creando o IVE e o IRPF. Acometeu tamén unha ampla reforma do ensino, da sanidade e militar.

Como conclusión, podemos afirmar que a consolidación da transición democrática podemos atribuíla a causas tanto endóxenas (transvase dos inmovilistas aos reformistas debido principalmente a Crise do petróleo e a necesidade de ingresar na CEE) e esóxenas (presión da oposición externa rupturista). A culminación deste proceso a temos coa entrada de España, á vez que Portugal na CEE e na OTAN no 86. Ademais, no 1982 terá lugar o mundial de fútbol en España e posteriormente os Xogos Olímpicos, ámbolos dous símbolos do desenvolvemento económico dun país e da súa consolidación internacional iniciada no proceso constituínte de 1978.